






NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - SPV	
Número expediente:	Documento:
 CON/2024/8	 CON18I02I9
 0N2S 3X4W 395E 5U1Z 0X7E	

Expediente CON/2024/8: Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral , As Cobas e outros

Asunto: Memoria xustificativa da contratación

En relación á contratación das obras denominadas “Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral , As Cobas e outros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, e de conformidade co disposto no artigo 28 (necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación) e 116 (expediente de contratación: iniciación e contido) da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directiva do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), emítese a seguinte

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. NATUREZA E EXTENSIÓN DAS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE

Con esta actuación pretendese a repavimentación (reposición de rodadura) do vial interior que comunica Castro con Sedes (Cmño. de Salgueiral), o camiño das Cobas en Piñeiros, e pequenas travesías de Castro e San Xiao (Nelle, Pregordo e Coira), camiños antigos de tránsito interno.

Este viais foron pavimentados inicialmente, fai máis de quince anos, con triplo rega asfáltico, rebacheados e repavimentados, ata que recentemente se acomete a rede de saneamento, co que os cruces e o firme sofre deformacións e deterioros que fan urxente a súa reparación xeral.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Consta no expediente o proxecto de obras denominado “Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral , As Cobas e outros”, promovido por este Concello e elaborado polo Arquitecto



técnico Don José Manuel Saavedra Pantín, en data 16 de xaneiro de 2024, da empresa Urbe Ingenia, S.L.

O proxecto define con precisión o conxunto de actuacións que han satisfacer as necesidades apuntadas con anterioridade.

O obxectivo que se persegue é a realización das reparacións e regularización de bordos e aporte de nova rodadura con MBC, con anchos variables pero mais regulares. A solución proposta consiste:

- Limpeza xeral de cunetas e noiros en todo o percorrido, roza de maleza e vexetación existente en bordos.
- Reforzo do pavimento actual, co rebacheo e repaso de mordedelas laterais, limpeza e varrido da superficie e o rego de imprimación.
- Limpeza de tajeas existentes e outros imprevistos nos bordos, a sinalización horizontal co marxe dos bordos en toda a súa lonxitude, e o cabreado de Stops.

O código CPV aparelado a este tipo de actuacións, sen prexuízo do que se estableza nos pregos, é o que segue a continuación:

45233223-8 – Traballos de repavimentación de calzadas.

O proxecto foi aprobado mediante acordo plenario de data 25 de xaneiro de 2024, emitíndose informe de supervisión pola Arquitecta Técnica Municipal, Dona Laura Pita Martínez.

Así mesmo, consta no expediente informe da Xefa do Negociado de Patrimonio de data 16 de xaneiro de 2024 relativo á titularidade municipal dos camiños incluídos nas obras que se proxectan.

3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Constan no proxecto todos os elementos determinantes do valor estimado, ao abeiro do art. 101.2 LCSP, e que poden resumirse como segue:

Execución material	121.535,52 €
Gastos xerais (13%)	15.799,62 €
Beneficio industrial (6%)	7.292,13 €
Modificacións ao alza previstas	0,00 €
Outros conceptos que integran o valor estimado	0,00 €
Valor estimado	144.627,27 €



4. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Para a licitación destas obras, é obrigatoria a utilización do procedemento aberto, debido á financiación provincial do investimento, a través do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”. Non se precisa, polo tanto, unha especial xustificación do procedemento de licitación proposto.

Ao non superar o valor estimado o limiar de 2.000.000,00 de euros establecido no artigo 159.1.a), propónse que o procedemento aberto teña carácter simplificado, co cumprimento dos trámites que ao efecto sinala o precitado art. 159.

5. CLASIFICACIÓN ESIXIDA

Sendo inferior o valor estimado aos 500.000,00 €, e ao abeiro do art. 77.1 LCSP, non resulta esixible a clasificación do contratista para a participación nesta licitación.

Non en tanto, e de acordo co parágrafo segundo da letra a) do precitado artigo 77.1, establécese como alternativa á presentación da documentación á que se refire o apartado seguinte, para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, a clasificación do empresario no seguinte grupo, subgrupo e categoría profesional, de acordo coa natureza das obras e co art. 25 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e segundo o informado polo Técnico redactor do proxecto:

Grupo	Subgrupo	Categoría
G (Viais e pistas)	4 (con firmes de mezclas bituminosas)	2 (contía inferior ou igual a 360.000 euros)

6. CRITERIOS DE SOLVENCIA

Estando esta obra financiada pola Excm. Deputación da Coruña, a través do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024”, resulta obrigatoria a utilización dos pregos-tipo aprobados pola entidade provincial (base 7.1; BOP nº 227 do martes 28 de novembro de 2023).

A cláusula 7.2 destes pregos-tipo establece as condicións de solvencia económica e financeira, e técnica; aplicables a este contrato.



7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Consultados os Servizos Técnicos Municipais, trátase dunha obra sen especial complexidade, polo que non se precisa a utilización de criterios baseados en xuízo de valor.

Dispón o anexo IV dos pregos-tipo (para procedemento aberto simplificado mediante a aplicación de fórmulas):

1º.- Para cada contrato específico o Órgano de Contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración.

2º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos

Á vista dunha comunicación realizada pola Deputación vía correo electrónico, resulta necesaria a selección dalgún criterio automático adicional á oferta económica.

Deste xeito, propónse a selección e ponderación dos seguintes criterios de valoración, xustificandos nos citados pregos-tipo:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA ASIGNADA
2. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	100 PUNTOS
2.1. Oferta económica	70 puntos
2.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	-
2.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	15 puntos
2.2.3. Contratación desempregados	15 puntos
2.3. Igualdade	-
TOTAL	100 PUNTOS

8. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento do art. 202 LCSP, recóllense na cláusula 27 dos pregos-tipo as posibles condicións especiais de execución polas que poderá optar o adxudicatario deste contrato.



9. DIVISIÓN EN LOTES

Se ben a LCSP establece a norma xeral da división en lotes do contrato, a Base 2.2 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024", dispón:

Cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, de forma que cada investimento aprobado poida corresponderse cun único expediente de contratación e cun só adxudicatario, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017), relativo á división e adxudicación en lotes.

Consta no expediente de solicitude de subvención (anexo V do POS+2024) o informe do técnico redactor polo que:

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.